

PROTOCOLO PARA ACUDIR AO CENTRO

1-Non poden acudir ao centro os nenos/as con síntomas compatibles coa COVID-19 ou diagnosticados de COVID-19, ou que se atopen en período de corentena domiciliaria por ter tido contacto con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Para isto, as familias vixiarán o estado de saúde e realizarán toma de temperatura todos os días antes de saír da casa para ir ao centro educativo. Se o alumno/a tivera febre ou síntomas compatibles con COVID-19, non deberá asistir ao centro, debendo chamar ao seu centro de saúde ou ao teléfono 900 400 116 e avisando simultaneamente ao centro educativo.

2- Dado que a incorporación é voluntaria, o alumnado que presenta condicións de saúde que o fai máis vulnerable para COVID-19 (como, por exemplo, enfermidades cardiovasculares, diabetes, enfermidades pulmonares crónicas, cancro, inmunodepresión ou hipertensión arterial), poderá acudir ao centro, sempre que a súa condición clínica estea controlada e o permita, e mantendo medidas de protección de xeito rigoroso.

3-As familias solo poderán entrar ao edificio escolar no caso de necesidade ou indicación do profesorado ou do equipo directivo, cumprindo sempre las medidas de prevención e hixiene.

4-Tendo en conta a imposibilidade de manter a distancia nos movementos de entrada e saída e nos de circulación polo centro, o alumnado ten a obriga de usar máscaras nos movementos que discorran polo centro. O centro terá máscaras a disposición do alumnado.

5-Estableceranse quendas de entrada distanciadas no tempo para que o alumnado non coincida. Polo que o alumnado deberá fixarase no horario, que pode variar segundo os días.

6-O alumnado que teña as clases no ximnasio e na clase de 3ºB (edificio principal, andar de abaixo), fará as entradas e saídas pola porta principal. No caso de ter clase na aula de debuxo técnico (edificio de bacharelato), o acceso será pola porta principal de bacharelato.

7- No período de descanso a alumnado non debe agruparse, e debe manter sempre as distancias co resto. O alumnado deberá abandonar o centro una vez rematadas as clases.